



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE ABRIL DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/733/2012 E LAP/269/2012.- ALIMENTACIONES DEL NORTE LOFERCA, S. L.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. José Victor Nieves e outros, conceder a licenza ó promotor para executar as obras de construción dunha estación de servizo con tenda no lugar de Sisto (O), estrada N-525 e conceder a licenza de actividade e instalación para estación de servizo con tenda da mesma.

LIC/1093/2014.- INMOBILIARIA BRICOLAJE BRICOMAN, S.L.U.- Aprobar a modificación do proxecto básico e de execución presentado para a construción dunha nave composta de planta soto, baixa e entreplanta para adicar á actividade de venda de materiais de construción e aparcadoiro no Parque Empresarial de Santiago de Compostela – rúa do País Vasco nº 6, parcela K4c01-1 autorizado por resolución da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2014.

DESESTIMENTO.-

LIC/1112/2014.- RESTAURANTE MCDONALDS, S. A.- Aceptar o desestimento da petición da licenza de obras de adaptación de local e de actividades para restaurante McDonalds no local sito en rúa da Senra nº 21 e declarar concluído o procedemento iniciado.

CADUCIDADE.-

LIC/899/2008.- CONSTRULART UNIÓN, S. L.- Incoar expediente de declaración de caducidade da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 18/01/2011 para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita na rúa Fonte do Ouro s/n.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1787/2013.- JOSÉ LUIS TOUCEDA BARREIRO.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 3.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1787/2013.

LIC/262/2015.- HOTEL SAN BIEITO, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 2.500 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1989/2011.

LIC/315/2015.- SERGIO REMACHA VECINO.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 2.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/467/2012.

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á estimación parcial das alegacións formuladas por D. José Victor Nieves e outros, conceder a licenza ao promotor para executar as obras de construción dunha estación de servizo con tenda no lugar de Sisto (O), estrada N-525 e conceder a licenza de actividade e instalación para estación de servizo con tenda da mesma. (LIC/733/2012 e LAP/269/2012).

Autorízouse á empresa Alimentaciones del Norte Loferca, S.L. a realización de obras e a concesión de licenza de actividade e instalación para unha estación de servizo con tenda, no lugar do Sisto, na parroquia de Marrozos, á beira da estrada N-525 Santiago-Ourense. O proxecto, que se executará sobre dúas parcelas que totalizan 3.944 m²., conta cun orzamento de execución material de 391.381 euros. Esta actuación conta coa autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia e co ditame de incidencia ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da modificación do proxecto básico e de execución presentado para a construción dunha nave composta de planta soto, baixa e entreplanta para adicar á actividade de venda de materiais de construción e aparcadoiro no Parque

Empresarial de Santiago de Compostela-rúa do País Vasco nº 6, parcela K4c01-1 autorizado por resolución da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2014. (LIC/1093/2014).

Aprobouse unha modificación de proxecto para a construción dunha nave de venda de materiais de construción e aparcadoiro no Parque Empresarial da Sionlla, que promove a Inmobiliaria Bricolaje Bricoman S.L.U. A modificación afecta unicamente á situación do centro de seccionamento e a distribución da dársena de aparcamento, que se considera compatible coas condicións da licenza inicialmente concedida.

A construción desta nave de venda de materiais de construción e aparcadoiro foi autorizada polo Concello no pasado mes de novembro de 2014. A actuación, proxectada na rúa do País Vasco do citado parque empresarial, lévase a cabo sobre unha superficie de 8.232 m² (6.144 m² computables) cun edificio de planta soto, baixa e entreplanta, e un orzamento de execución material de 2.524.604 euros. As previsións que ofrecía a empresa Bricomart hai uns meses era contratar arredor dun cento de traballadores directos para atender estas instalacións que serán inauguradas na vindeira semana.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aceptar o desestimento da petición de licenza de obras de adaptación de local e de actividades para restaurante McDonalds no local sito na rúa da Senra, nº 21 e declarar concluso o procedemento iniciado. (LIC/1112/2014).

A Xunta de Goberno aceptou o desestimento de petición de licenza de obras de adaptación de local de actividades na rúa da Senra (nº 21) presentado pola empresa Restaurante McDonalds, S.A. En consecuencia, acórdase declarar concluso o procedemento iniciado. Esta licenza fora solicitada no pasado mes de agosto de 2014, e logo do requirimento da emenda de defectos por parte da Administración municipal, a empresa presentou un escrito desistindo da súa petición inicial.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á incoar expediente de declaración de caducidade da licenza outorgada pola Xunta de Goberno local na sesión do 18/01/2011 para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita na rúa Fonte do Ourto s/n. (LIC/899/2008).

Acordouse a apertura do expediente de declaración de caducidade dunha licenza outorgada para a construción dunha vivenda unifamiliar, na rúa Fonte do Ouro (s/n), por ter transcorrido amplamente os prazos fixados na dita licenza para a execución das obras. O acordo notifícase ao interesado para que poida presentar as alegacións que considere.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude da Consellería de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria de posta a disposición de terreos para ampliación do CEIP de Roxos (aulario de infantil) (Parcela EE.1 do SUNP 25 ROXOS).

A Xunta de Goberno acordou poñer a disposición da Xunta de Galicia un terreo de 3.226 m² na parroquia de Vilvestro, lindando co Colexio Público de Roxos, para a ampliación das súas instalacións coa construción dun Aulario de Infantil por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A parcela conta coas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e subministración eléctrica, telefonía e acceso rodado, polo que resulta axeitada para o uso educativo. O centro proxectado supón a ampliación do colexio existente cun volume de 530 m², onde se disporán tres aulas de infantil, unha de psicomotricidade, un espazo para apoio educativo, aseos, despachos, conserxería e zonas comúns. O investimento previsto é de 650.000 euros para unha obras que a Consellería xa anunciou que empezarán no mes de xuño, despois de rematar as clases, coa intención de poder facer uso delas cara a finais deste ano. O procedemento de posta a disposición, a diferenza da cesión, implica que o Concello mantén a titularidade do terreo, á que se lle engadirá a da nova edificación docente, que a Xunta de Galicia lle transmitirá ao Concello pasando a propiedade municipal, coa obriga da súa conservación, mantemento e vixilancia do edificio, logo de executadas e recibidas as obras.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de devolución de fianza. (LIC/1787/2013).

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de devolución de fianza. (LIC/262/2015).

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de devolución de fianza. (LIC/315/2015).

Accedeuse a devolver 3 fianzas depositadas no seu día para unha vivenda acaroadada na rúa das Figueiriñas (3.000€), unha rehabilitación de edificio con destino a hotel na rúa de San Bieito (2.500€) e unha vivenda unifamiliar na rúa de Sar, logo de comprobar en todos os casos a reposición dos servizos urbanísticos afectados que motiva o depósito.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización para a redacción de proxecto modificado das obras de mellora e pavimentación da Rúa Vintecinco de Xullo.

Acordouse a redacción dun proxecto modificado das obras de mellora e pavimentación da rúa do 25 de Xullo, na zona das Cancelas e aprobouse a acta de suspensión dos traballos do 23 de febreiro pasado. O novo proxecto modificado, que non comporta ningún custo adicional sobre o orzamento da obra principal, vai definir os cambios concretos que se consideran tecnicamente necesarios para redefinir a rede de abastecemento de auga e as canalización e arquetas do servizo de telecomunicacións. O documento tamén definirá unha posible prórroga no prazo de execución do contrato que inicialmente era de 3 meses.

As obras de mellora e pavimentación da rúa 25 de xullo foron adxudicadas no pasado mes de outubro á empresa UNIKA Proyectos y Obras, S.A., cun orzamento de 190.938 euros e un prazo de execución de 3 meses, que comezou a contar desde o 28 de novembro, data da sinatura da acta de replanteo. Dentro do prazo fixado para a execución das obras e á vista da diverxencia entre a información sobre as instalacións soterradas existentes e a facilitada polas compañías subministradoras, comprobouse a necesidade de abordar unha modificación do proxecto, sen custo económico, que agora se autoriza. Tendo en conta que a obra se atopa nun avanzado estado de execución, as obras deberán rematar no presente mes de abril ou nos primeiros días de maio.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio para dar conta da concesión das actividades do Programa LER CONTA MOITO 2015 para a dinamización da lectura nas bibliotecas públicas integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia.

Na Xunta de Goberno deuse conta das actividades concedidas pola Secretaría Xeral de Cultura dentro do programa “Ler conta moito”, orientado á dinamización da lectura para as bibliotecas integradas na Rede Pública de Bibliotecas de Galicia. Este programa vincúlase na cidade á Biblioteca “José Saramago” do Centro Sociocultural de Vite e ás salas da biblioteca dos centros socioculturais das Fontiñas, Conxo e Santa Marta. Durante o ano actual vanse celebrar 12 espectáculos de animación, 3 en cada un dos centros citados. O orzamento para estes espectáculos é de 3.866 euros, dos que un 75% será asumido polo departamento autonómico e o resto polo Concello.

RELACIÓN DE ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA “LER CONTA MOITO 2015”

CSC	Artista/Compañía	Espectáculo	Custo Total €	Custo Xunta €	Custo Concello €
Conxo	Brinca Vai!	De aquí e acolá	330,00	247,50	82,50
Conxo	Sole Felloza	Pura palabra	300,00	225,00	75,00
Conxo	Os tres tenedores	Petiscos musicais	500,00	375,00	125,00
Vite	David Gundín Garcés	A voltas con Shakespeare	300,00	225,00	75,00
Vite	Polo correo do vento	O misterio do pirata Benito Soto	250,00	187,50	62,50
Vite	Crearte servizos culturais	Animalario fantástico	290,00	217,50	72,50
Santa Marta	Brinca Vai!	De aquí e acolá	330,00	247,50	82,50
Santa Marta	Carlos Coira	Abrapalabra!. Maxia e poesía	363,00	272,25	90,75
Santa Marta	David Gundín Garcés	A voltas con Shakespeare	300,00	225,00	75,00

Fontiñas	Carlos Coira	Abrapalabra!. Maxia e poesía	363,00	272,25	90,75
Fontiñas	Musicreques	As aventuras de Quebranos	300,00	225,00	75,00
Fontiñas	Fran Alonso	Poetízate	240,00	180,00	60,00
		TOTAIS	3.866,00	2.899,50	966,50

13.- Propostas da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativas á aprobación da concesión de subvencións a diversas entidades.

Aprobouse a concesión de 5 subvencións, por un importe total de 22.915 euros, para as seguintes entidades:

- A Real Sociedade Económica Amigos do País, 5.400 euros, para a realización dun ciclo de conferencias e a edición da memoria anual da entidade.
- A Asociación Cultural Rocha Forte, 2.000 euros, para a reedición do libro de poesía "O Castelo da Rocha"
- A Asociación Folclórica Colexiata de Sar, 3.500 euros, para a realización dunha xornada de portas abertas na súa Escola de Danza e Música Tradicional e a celebración do 35 aniversario da asociación.
- A Asociación Cultural Cidade Vella, 8.190 euros, para a realización do Festival "Feito á man", que como en anos anteriores terá lugar na cidade vella do 3 ao 27 de agosto de 2015.
- E, por último, á Federación de Libreiros de Galicia, 3.825 euros, para a celebración da Feira do Libro novo de Santiago, que celebra a súa 34 edición, e a Feira do Libro antigo, que terán lugar na Alameda entre os días 1 e 10 de maio de 2015 e do 16 ao 31 de maio de 2015, respectivamente.

14.- Propostas da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativas a axudas sociais.

Concedéronse 29 axudas dentro do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS), por un importe total de 26.375,19 euros. A maior parte -17- foron para gastos de manutención, 6 para aluguer de vivenda, 2 para gastos de comedor, 3 para gastos excepcionais e 1 para sufragar actividades.

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Comercio relativa á aprobación do texto do convenio entre o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago e o Concello de Santiago.

A Xunta de Goberno acordou subscribir un novo convenio co Colexio de Avogados de Santiago para implantar un servizo de mediación a través desa entidades, dirixido a comerciantes e propietarios para intentar acadar acordos na renovación dos seus contratos de aluguer. A este fin dedicáronse 30.000 euros previsto no orzamento do ano actual. O Convenio dálle continuidade a outro acordado no pasado mes de novembro por un importe de 5.000 euros.

Esta medida trata de incidir na problemática xerada pola Lei de Arrendamentos Urbanos de 1994 sobre os popularmente coñecidos como "alugueiros de renda antiga", anteriores a 1984 e que mantiñan o seu contrato prorrogado. A Lei de 1994 marcaba un prazo de 20 anos, que vencía o 31 de decembro deste ano 2014, para a extinción deste tipo de contratos cando eran subscritos por persoas xurídicas, pero para as persoas físicas existe a posibilidade de que o prazo sexa diferente prolongándose ao longo do actual ano 2015.

Esta situación afecta de xeito moi especial na cidade aos negocios e comercios da zona histórica e poden ser altamente prexudiciais para o futuro desenvolvemento económico, ademais do risco dun despoboamento comercial nese ámbito.

Por este motivo, e para axudar a paliar estes efectos negativos para a cidade, promóvese a través do Colexio de Avogados a creación dunha quenda especializada en mediación, especialmente de carácter civil/ mercantil, para prestarlle servizo de asistencia na procura dun acordo de renovación de novos contratos de arrendamento.

17.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de reposición de prazas vacantes a efectos da súa inclusión na oferta de emprego do Concello para o ano 2015.

A Xunta de Goberno acordou solicitar a reposición das 4 prazas vacantes na Policía Local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A petición enmárcase na obriga derivada do artigo 21 da Lei de Orzamentos do Estado para 2015, que regula e limita as ofertas de emprego público. A solicitude municipal faise tendo en conta as xubilacións e baixas producidas durante o exercicio de 2014 e o feito de que o Concello cumpre os límites que fixa a lexislación estatal reguladora en materia de operacións de endebedamento, así como o principio de estabilidade, condicións que permitirían proceder a esta nova contratación. Este requisito supón o primeiro paso previo para iniciar o procedemento de oferta pública para as 4 prazas de policía local na oferta de emprego público para o ano 2015, que prevé un total de 30 prazas, das que 26 corresponden a promoción interna.

18.- Propostas do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública (área de Contratación) relativas a diversas devolucións de fianzas.

Procedeuse a autorizar a devolución de 7 fianzas correspondentes a diversas obras municipais, por un importe total de 59.402 euros, logo de comprobar o cumprimento das condicións establecidas segundo os pregos correspondentes. As fianzas foron depositadas polas empresas Gestal y López SL (5.275 €), 2000 Joscon Construcciones SL (1.095 €), Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA (2.230 €), César Vila Mario(1.575 €), Estudios, Proyectos y Planificación SA –EPYSA- (3.950 €), Espina y Delfín SL (43.103 €) e UTE Cenlitrosmetrocaadrado SL + A Navalla Suiza SL (2.174 €).